



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DO IRIXO PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEONIL NA ESTRADA OU-223 ENTRE O PQ: 0+000 E O PQ:0+840

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestructuras, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestructuras.

Doutra parte, Manuel Penedo Paradela, na súa condición de alcalde do Concello do Irixio, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería de Infraestructuras e Vivenda configúrase, de acordo co disposto no Decreto 37/2017 do 6 de abril, polo se establece a súa estrutura orgánica, como o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de infraestructuras, mobilidade e vivenda, consonte o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española e que exercerá no nivel de desenvolvemento que se indica no decreto de estrutura orgánica desta para cada un dos órganos integrantes deste departamento.

Asemade, para o desenvolvemento das súas funcións, esta consellería conta, entre outras, como entidade instrumental adscrita á Axencia Galega de Infraestructuras, creada en virtude da autorización prevista na disposición adicional cuarta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de



organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o seu estatuto

Segundo. A Axencia Galega de Infraestructuras ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

En concreto, e de acordo co Artigo 7 do seus Estatuto, ten entre as súas funcións o impulso, promoción e coordinación das estratexias de seguridade viaria coas distintas administracións públicas implicadas na materia.

Terceiro. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

Cuarto. A estrada OU-223 (OU-902 – estación do Irixo) foi transferida ao Concello do Irixio segundo o Decreto 182/2016 do 9 de decembro sen ningunha contraprestación, formalizándose dito cambio de titularidade coa sinatura da Acta de Entrega o día 27/12/2016.

A estrada que ten unha lonxitude de 0,97 quilómetros, iniciase no núcleo de Abanico, na intersección coa OU-902 (Lalín-O Carballiño) e finalizada na estación de ferrocarril do Irixo. Dito tramo da estrada discorre por un entorno rural, no que a gran maioría das edificacións se sitúan ao longo do eixo desta estrada. A única alternativa para os desprazamentos peonís é a invasión da propia calzada.

Coa construción dunha senda peonil entre os PQ: 0+000 e o PQ:0+840 habería un sendeiro seguro para o tráfico peonil neste tramo da OU-223, incrementándose a seguridade tanto viaria coma peonil xa que nestes momentos os vehículos vénse obrigados a invadir o carril contrario cando se topan cun peón. Así mesmo a correcta sinalización horizontal e vertical tamén supón un incremento na seguridade viaria.



Quinto. A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello do Irixo, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

A actuación obxecto deste convenio pretende o aseguramento da seguridade viaria para os distintos usuarios do viario actual do Irixo e comparte os obxectivos do Plan de Seguridade Viaria e do Plan de Sendas de Galicia xa que dita senda contribuirá a unir a estación de ferrocarril coa estrada principal OU-902. Esta estrada OU-902, de titularidade autonómica, conta con vías de servizo nas que é posible o tránsito peonil seguro precisamente no treito entre a capitalidade do Concello do Irixo e a intersección da OU-223 na que se proxecta a senda que é obxecto deste convenio. Sen embargo, a súa funcionalidade non é completa ao verse os peóns que se dirixen á estación do ferrocarril obrigados a transitar pola calzada na OU-223.

A habilitación de itinerarios preparados para a mobilidade sostible ao longo das estradas de modo que se unan os principais núcleos de poboación cos equipamentos, neste caso a estación do ferrocarril e tamén a igrexa de Santa María do Campo, é unha das principais liñas de traballo da Axencia Galega de Infraestruturas, co dobre obxectivo de mellorar a seguridade viaria de acordo co Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 e de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro. Así se puxo de manifesto polo propio Consello da Xunta de Galicia de 04/03/2016, cando deu o impulso inicial a este plan, nun informe no que se sinalou como prioritarios os itinerarios menores de 4-5 km para fomentar os desprazamentos cotiás de modo seguro para peóns, sendo os máis habituais os de 2 km. Neste caso, a distancia de 1,9 km que une capitalidade do concello e estación de ferrocarril a través da estrada autonómica OU-902 e a estrada de titularidade municipal OU-223 é a óptima, polo que a obra que se promove complementa á infraestrutura de titularidade autonómica en canto á súa funcionalidade de servir de soporte á mobilidade peonil.

En consecuencia, esta actuación en materia de seguridade viaria, xustifica a concesión directa dunha subvención ao Concello do Irixo ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Xunta de Galicia.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.



Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Axencia Galega de Infraestructuras e o Concello do Irixo para a execución dunha senda peonil na estrada OU-223 entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+840.

A senda proxectada construírse a 3 metros do eixo da calzada e cun ancho de 1,80m, adaptándose ás irregularidades da propia calzada. As obras tamén inclúen a canalización das augas pluviais, como medida de conservación da propia senda peonil.

O orzamento necesario para a execución das obras estímase en **CENTO OITENTA E SETE MIL OITOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS DE EURO (187.837,94 €)** IVE incluído.

SEGUNDA. REQUISITOS

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello do Irixo cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DO IRIXO

O Concello do Irixo obrígase a:

1. Redactar o proxecto técnico necesario para a execución das obras, que será remitido á Axencia Galega de Infraestructuras para a súa conformidade.
2. Contratar e executar as obras obxecto deste convenio, así como contratar os servizos de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde que sexan necesarios.
3. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.



4. Xestionar todos os terreos necesarios, así como a reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos no proxecto. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias.

5. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestruturas. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.

6. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

7. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

8. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.

9. O concello deberá dar publicidade da obra mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Vivenda) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

CUARTA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar os gastos de execución das obras e, no caso de que sexan necesarios, dos contratos de servizo complementarios como redacción de proxecto, dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde, destinando para iso ata un máximo de **CENTO OITENTA E SETE MIL OITOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS DE EURO**



(187.837,94 €) con cargo á partida orzamentaria 08.A1 512B 760.0, código de proxecto 1999-06714 distribuídos en dúas anualidades:

Anualidade	Importe (€)
2018	93.918,97
2019	93.918,97

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación da execución das obras terá unha repercusión directa no financiamento da AXI, xerando dito importe de adxudicación o límite máximo da contía obxecto de subvención.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello do Irixo xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

1.Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2.Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.



- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- Mostra fotográfica da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos de execución das obras realizados durante o ano 2018. En ningún caso serán subvencionables o custo da reposición dos servizos afectados que non estean contemplados no orzamento base de licitación do proxecto nin o da obtención de autorizacións e dos terreos privados afectados pola execución das obras.

A data límite para a xustificación destes gastos é o 30 de novembro de 2018.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello do Irixo, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa participación dun representante de cada unha das partes asinantes deste convenio de colaboración.



A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestructuras, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE.

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para o concello nas cláusulas deste convenio.



En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2018 nas condicións establecidas na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas

O alcalde do Concello do Irixo

Ethel Ma Vázquez Mourelle

Manuel Penedo Paradela